



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A
CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

O Concello de Mañón adhiúse ó Programa de compostaxe doméstica promovido pola Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA).

En cumprimento do Convenio, SOGAMA entregou ó Concello de Mañón 25 composteiros co obxecto de estender as prácticas de autocompostaxe ás vivendas unifamiliares do municipio de cara a lograr unha xestión máis sostible do lixo.

Os interesados en dispoñer dun composteiro poderán presentar a solicitude no modelo dispoñible na páxina web do concello www.manon.es, na sede electrónica ou nas oficinas do concello ata o día 22 de outubro ás 14,00 horas. O requisito de inscrición é residir nunha vivenda unifamiliar que dispoña dun espazo de horta e/ou xardín de superficie aproximada de 50 m².

A adxudicación será por orde de rexistro de entrada sempre que se cumpran os requisitos ata entregar os 25 dispoñibles, quedando o resto de solicitudes en lista de espera para futuras entregas.

No acto de entrega dos composteiros levarase a cabo unha charla informativa a cargo de persoal técnico de SOGAMA para explicar o procedemento a seguir coa fin de elaborar de xeito adecuado o compost. Así mesmo, os adxudicatarios deberán someterse aos controis de seguimento relacionados coa boa práctica de compostaxe.

En Mañón, coa data da sinatura electrónica

O Alcalde
Alfredo Dovale Pedreira